

Informe sobre o establecemento de novas dotacións urbanísticas mediante plans especiais de infraestruturas e dotacións (Concello de Lalín-Expediente XCP-22/009).

ANTECEDENTES

O 20.05.2022 tivo entrada no Rexistro electrónico da Xunta de Galicia (Núm. 2022/1332930) oficio do Concello de Lalín no que solicita a esta Xunta Consultiva que fixe criterio interpretativo respecto da posibilidade do establecemento e ordenación dun novo sistema xeral de equipamentos non contido no planeamento xeral, en ampliación dun existente, mediante a aprobación dun plan especial de infraestruturas e dotacións que posibilite a obtención dos terreos afectados mediante expropiación forzosa, ou se pola contra, para tal fin é necesaria a aprobación dunha modificación puntual do planeamento xeral.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

PRIMEIRA.- Segundo o disposto no artigo 2.1.b) do Decreto 36/2022, do 10 de marzo, polo que se crea a Xunta Consultiva en materia de Ordenación do Territorio e Urbanismo correspóndelle a este órgano consultivo a emisión de informes, sobre a aplicación e interpretación da normativa vixente en materia de ordenación do territorio e urbanismo, que sometan á súa consideración as entidades que figuran no seu artigo 15, entre as que figuran as entidades locais de Galicia.

SEGUNDA.- O Concello de Lalín conta con Plan xeral de ordenación municipal aprobado definitivamente o 05.02.1999 e publicado no Diario Oficial de Galicia do 18.02.1999 e no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra o día 08.03.1999.

A disposición transitoria primeira da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, no seu apartado 2 sinala que:

"2.- O planeamento aprobado definitivamente con anterioridade á entrada en vigor desta lei e non adaptado á Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, conservará a súa vixencia ata a súa revisión ou adaptación a ela, consonte as seguintes regras:

[...] d) Ao solo non urbanizable ou ao solo rústico, aplicaráselle o disposto nesta lei para o solo rústico."

TERCEIRA.- O artigo 35.1 da LSG establece como usos e actividades admisibles en solo rústico os seguintes:

"p) Construcións e instalacións para equipamentos e dotacións públicos ou privados."

O artigo 36 da LSG relativo ao réxime de usos sinala que:

DIRECCIÓN XERAL DE ORDENACIÓN DO TERRITORIO E URBANISMO
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA

Edificio Administrativo de San Caetano
Edificio número 5, 15781 Santiago de Compostela
T. 981 544 355
sxurbanismo@xunta.gal
www.xunta.gal



"4. Os usos previstos nas letras o) e p) do artigo anterior requirirán a aprobación dun plan especial de infraestruturas e dotacións, agás que a actuación poida encadrarse no disposto no artigo 40 para as edificacións existentes de carácter tradicional. No caso de se querer implantar en solo rústico especialmente protexido, será preciso obter autorización ou o informe favorable do órgano sectorial correspondente."

En consecuencia, establécese a necesidade da aprobación dun plan especial de infraestruturas e dotacións para as construcións e instalacións para equipamentos e dotacións públicos ou privados que se implanten no solo rústico. Este requisito non resultará esixible cando a actuación se poida encadrar no réxime xurídico que resulta de aplicación ao abeiro do disposto no artigo 40 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, para as edificacións existentes de carácter tradicional, ou no contemplado na disposición transitoria terceira da dita lei.

CUARTA.- O artigo 183 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, establece no seu apartado 2 a) que os plans especiais de infraestruturas e dotacións deben conter as seguintes determinacións:

"a) Delimitación dos espazos reservados para infraestruturas e dotacións urbanísticas e o seu destino concreto (artigo 73.2. a) LSG).

A tal efecto, establecemento da cualificación como dotacional do solo que requira a súa implantación, indicando o seu carácter público ou privado e, de ser o caso, identificación como sistema xeral ou local das instalacións que conteña."

Pola súa banda, o artigo 177 do referido regulamento establece que os plans especiais poderán formularse e aprobarse coa finalidade de: [...]

"c) Coordinar a execución de dotacións urbanísticas.

Para tal efecto, os plans especiais de infraestruturas e dotacións poderán planificar a implantación de dotacións urbanísticas de carácter público ou privado en calquera clase de solo, estean ou non previstas no plan xeral."

CONCLUSIÓN

É posible o establecemento e a ordenación dun novo sistema xeral de equipamentos en solo rústico non previsto no planeamento xeral mediante a aprobación dun plan especial de infraestruturas e dotacións, de conformidade do disposto nos artigos 35, 36 e 73 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, e concordantes do seu regulamento de desenvolvemento.

O que se informa aos efectos oportunos, facendo constar a imposibilidade de resolver por vía de informe cuestións relativas a expedientes urbanísticos concretos de competencia municipal e que, de conformidade co disposto no artigo 16 do Decreto 36/2022, do 10 de marzo, polo que se crea e regula a Xunta Consultiva en Materia de

DIRECCIÓN XERAL DE ORDENACIÓN DO TERRITORIO E URBANISMO
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA

Edificio Administrativo de San Caetano
Edificio número 5, 15781 Santiago de Compostela
T. 981 544 355
sxurbanismo@xunta.gal
www.xunta.gal



Ordenación do Territorio e Urbanismo, este informe non é vinculante, pero ten carácter interpretativo da norma ou situación obxecto de exame e aplicación.”

